

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 3 DE AGOSTO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día tres de agosto do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero.
- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.ACORDOS

Dase conta das cuotas que deben pagar os usuarios do Servicio de Axuda A Domicilio correspondentes ó mes de xuño do ano 2007.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cuotas.

Dase conta das cuotas que deben pagar os usuarios do Servicio de Axuda A Domicilio correspondentes ó mes de xullo do ano 2007.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cuotas.

Lese o informe de Tesourería relativo a solicitude de devolución do prezo público do comedor da guardería municipal, efectuado por Dna. M<sup>a</sup> del Pilar Rial Fernández, nai de David Fernández Rial.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe acorda acceder á devolución do pagado por medio mes de comedor (16,50 €).

Lese o informe de Tesourería relativo a solicitude de devolución do prezo público da guardería municipal, efectuado por Dna. M<sup>a</sup> Emilia Fernández Rodríguez, nai de Mauro Alonso Fernández.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe acorda acceder á devolución do pagado por un mes de guardería (66,00 €).

Lese o informe de Tesourería relativo á solicitude de bonificación do 100% do prezo público do conservatorio realizado por D. Juan M<sup>a</sup> Pou Saracho.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda acceder á bonificación do 100% do prezo público do conservatorio á terceira filla matriculada no mesmo (Marta Pou Saracho).

Lese o informe de Tesourería relativo á solicitude de bonificación do 30% do prezo público do conservatorio e solicitude de devolución da mesma feita por Dna. Susana de la Guerra Redondo, nai de Jana Expósito de la Guerra.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda acceder á devolución do 30% do prezo da matrícula do conservatorio pagado por Dna. Susana de la Guerra Redondo (33,16 €) Asimesmo acorda acceder a bonificación na matrícula do curso para a alumna Jana Expósito de la Guerra.

## PUNTO 2.- SUBVENCIONES

Vista a Orde de 12 de xullo do 2007 pola que se convoca para o ano 2007 a concesión de axudas destinadas a entidades locais de Galicia para a mellora da xestión e explotación dos puntos limpos construídos para a xestión de residuos sólidos urbanos, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda aprobar a participación deste Concello nesta convocatoria de axuda.

## PUNTO 3.- SOLICITUDES

Lese o escrito RE 5.681 de data 2 de agosto de 2007, presentado por D. DANIEL VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, con enderezo na rúa Paseo de Portugal, nº 121 de A Guarda, solicitando a vixiancia e retirada dos cans abandonados preto do campamento da Guarda para evitar ataques ás persoas.

A Xunta de Goberno Local sinala que se vai a proceder á contratación dunha empresa para tal fin.

Lese o escrito RE 2.750 de data 19 de abril de 2007, presentado por D. ANTONIO VÁZQUEZ CONDE, en representación de VOLOVAN, con enderezo na

rúa Concepción Arenal, nº 25, solicitando autorización para a ocupación de vía pública cunha terraza de 6 m<sup>2</sup> na rúa Tío Binito. (2 mesas).

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a colocación dunha terraza de 4 m<sup>2</sup> sempre que non obstaculice o tráfico pois nese caso haberá que retirala.

#### PUNTO 4.- ASUNTOS TRAIADOS POR CONCELEIROS

Dase conta do escrito RE 5.526 de data 27 de xullo de 2007, presentado por D. FERNANDO DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ, concellerio do PP de A Guarda, solicitando copia de determinados expedientes.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle comunicará cando estean listas.

Lese o escrito RE 5.588 de data 31 de xullo de 2007, presentado polo Grupo Municipal de TERRA GALEGA-INICIATIVA VECIÑAL, solicitando que por parte da Alcaldía se dea traslado á empresa IMERYYS KILN FURNITURE ESPAÑA, S.A., do acordo adoptado no Pleno de 3 marzo co fin de prohibir a demolición da chimenea existente e incluso tomar as medidas de protección. Asimesmo, solicitan que se lles dea traslado de tódalas resolucións que se adopten neste tema.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que con data 28/03/07 remitíuse o certificado do acordo plenario a Imerys Kiln Furniture España, S.A., e no próximo se contempla a súa protección.

Lese o escrito RE 5.589 de data 31 de xullo de 2007, presentado polo Grupo Municipal de TERRA GALEGA-INICIATIVA VECIÑAL, solicitando que por parte da Alcaldía se den as ordes oportunas para levar a cabo a instalación do portalón e se proceda a arranxar e posta en funcionamento da Fonte da Vila /Fonte do Rollo) levando acabo unha limpeza a fondo da mesma, colocación de puntos de luz e arranxo das súas instalacións a fin de que poidan seguir usando.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

#### PUNTO 5.- INSTANCIAS URBANÍSTICAS

Dase conta do parte de denuncia da Policía Local a instancias de D. Florentino Santos Alonso Álvarez, con enderezo na rúa 1ª Transv. Outeiro-Cascallar, nº 10 de A Guarda, reclamando que dende o Concello se verifique que o seu lindeiro D. Arturo Baz Rodríguez está realizando un recheo e alterando a resante contra a súa propiedade no lugar de rúa Oliva, nº 69.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado do Informe Técnico ó denunciado para que proceda á retirada dos materiais no prazo de 10 días.

Lese o escrito RE 5.655 de data 1 de agosto de 2007, presentado por DNA. CARMEN EMILIA ALONSO ALPUIN, con enderezo na rúa Malteses, nº 57 de A Guarda, solicitando acceso ó expediente da licenza 4/2007 de construción de edificio na rúa Vicente Sobrino, nº 1.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle comunicará día e hora.

#### PUNTO 6.- TRAMITACIÓN LICENCIAS DE ACTIVIDADE

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de DNA. MARÍA ROSA POZA FERNÁNDEZ, R.E. Nº 4.799 DE DATA 29 DE XUÑO DO 2007) no que solicita LICENCIA DE ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR, para o local sito na rúa de Cervantes, nº2-baixo – Esquina Praza do Reló deste término municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, de 30 de novembro de 1961, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

RESULTANDO: Que durante o periodo de reclamacións non se presentou ningunha .

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetándose as distancias e non existindo na zona actividades analógas que poidan producir efectos aditivos .

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licenza de actividade solicitada por DNA. M<sup>a</sup> ROSA POZA FERNÁNDEZ para LICENCIA DE ACTIVIDADE DE CAFÉ - BAR para o local sito na rúa de Cervantes, nº 2-baixo esquina Praza do Reló deste término municipal

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.